Concello de Neda
(A Coruña)

Avda. de Algeciras, nº. 34 - 15510 Neda. - Tfno.: 981.380039 // 981.380222 - Fax: 981.385600 - correo@neda.gal

ANUNCIO

Asunto: Publicación da lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo, grupo II, a media xornada, coa denominación Educador/a familiar

Expediente: 2022/E001/000006

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 06.11.2023, acordou a aprobación da lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo, grupo II, a media xornada, coa denominación Educador/a familiar, derivado do proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal do Concello de Neda segundo a oferta de emprego público (OEP) extraordinaria do 2022 (BOP núm. 106, do 06.06.2022), segundo se indica a continuación:

"O 20.12.2022 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo, grupo II, a media xornada, coa denominación Educador/a familiar, derivado do proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal do Concello de Neda segundo a oferta de emprego público (OEP) extraordinaria do 2022 (BOP núm. 106, do 06.06.2022).

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP núm. 244, do 27.12.2022); así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 12, do 18.01.2023) e no Boletín Oficial do Estado (BOE núm. 26, do 31.01.2023). Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o 01.03.2023, incluído.

O 25.09.2023 a Xunta de Goberno Local aprobou a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas deste proceso selectivo e publicouse na Web e no taboleiro de anuncios da Sede municipal o 27.09.2023, así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP núm. 188, do 02.10.2023), outorgándose un prazo de dez (10) días hábiles para emendas.

Unha vez rematado o prazo de presentación de emendas, consonte ao disposto na base sexta das Bases reguladoras do proceso de selección e logo de comprobar as emendas presentadas e de conformidade coa normativa vixente, propóñolle á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Declarar admitidas as dúas (2) emendas presentadas polas persoas aspirantes.

Segundo. Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas que se relaciona a continuación:

Núm.	Apelidos e nome	DNI	Admitida
1	AMADO GARCÍA, LUCÍA	***7823**	2023/E002/000016 Emenda a súa solicitude: presenta a certificación negativa emitida polo Rexistro Central de Delicuentes Sexuales y de Trata de Seres Humanos e o Anexo I corrixido e asinado (RXE 2023999000000732, do 07.10.2023)

FIRMADO POR Angel Alvariño Saavedra (FECHA: 07/11/2023 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: lE1Vpm85XobgvoEAyZv7
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Núm.	Apelidos e nome	DNI	Admitida
2	SABÍN VÁZQUEZ, MARÍA CELIA	***4248**	2023/E002/000005 Emenda a súa solicitude: presenta a certificación negativa emitida polo Rexistro Central de Delicuentes Sexuales y de Trata de Seres Humanos (RXE 1092, do 02.10.2023)

A inclusión das persoas aspirantes admitidas nesta lista non supón en ningún caso o recoñecemento por parte da Administración de que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria. A acreditación e verificación destes requisitos terá lugar para as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo, antes do seu nomeamento como persoal funcionario.

Terceiro. Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes excluídas que se relaciona a continuación:

Núm.	Apelidos e nome	DNI	Motivo da exclusión
1	FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, LUCÍA	***8471**	2023/E002/000025 Exclusión definitiva: Non emenda a exclusión provisional * Anexo I incompleto ou inexacto, non cubre os cadros da documentación que achega nin a puntuación total.
2	LAGO DÍAZ, MIRIAN	***9644**	2023/E002/000018 Exclusión definitiva: Non emenda a exclusión provisional * Non presenta a certificación negativa emitida polo Rexistro Central de Delicuentes Sexuales y de Trata de Seres Humanos segundo o establecido no apartado 4.1.g) das Bases. * Anexo I incompleto ou inexacto, non cubre a puntuación parcial e total.

Cuarto. Designar como membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo referido aos/ás seguintes funcionarios/as, comunicándolles que o réxime de abstención e recusación fronte á designación do tribunal é o previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 02.10.2015):

Presidente:

Titular: Alejandro Ramón Antelo Martínez, funcionario de habilitación nacional, Secretario Xeral do Concello de Neda

FIRMADO POR Angel Alvariño Saavedra (FECHA: 07/11/2023 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: lE1Vpm85XobgvoEAyZv7
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Suplente: María Iglesias Nuño, funcionaria de habilitación nacional, Interventora do Concelo de Betanzos

Secretario/a:

Titular: Santiago Baamonde Leal, Técnico de Xestión do Concello de Neda

Suplente: Baldomero Beceiro Alonso, funcionario de habilitación nacional, Secretario Interventor do Concello de Monfero

Vogais:

Titular: Sonia Lorenzo Barbeito, funcionaria de habilitación nacional, Interventora do Concello de Neda

Suplente: María del Pilar Canzobre Méndez, funcionaria de habilitación nacional, Interventora do Concello de Narón

Titular: María Ángeles Dobarro Calvo, Traballadora Social do Concello de Neda

Suplente. Estefanía Manteiga Lamas, funcionaria de habilitación nacional, Secretaria do Concello de Fene

Titular: María Ana López Fernández, Traballadora Social do Concello de Ares

Suplente: Juan Manuel Araujo do Pazo, Arquitecto Técnico do Concello de Fene

Quinto. Comunicarlle ao Presidente do tribunal que proceda a convocar ao tribunal para a súa sesión constitutiva e que inicie a fase de concurso do proceso selectivo.

Sexto. Publicar o presente acordo no BOP, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais, de acordo coa base sexta das Bases reguladoras do proceso de selección, con indicación de que fronte á mesma poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun (1) mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do seguinte ao da publicación no BOP da Coruña.

Neda, 7 de novembro de 2023.

Asinado dixitalmente polo alcalde Ángel Alvariño Saavedra.

FIRMADO POR Angel Alvariño Saavedra (FECHA: 07/11/2023 13:42:00)
Versión imprimible

CVD: lE1Vpm85XobgvoEAyZv7
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.